

RALLYE NARÓN



ANEXO XI

TREITO DE PROBAS

O venres 22 de xuño organizarase un treito de probas, de similares características ás dos treitos cronometrados sobre os que se disputará a carreira na xornada do sábado 23.

Localización do treito de probas:

O trazado seleccionado atópase no término municipal de Narón, máis concretamente na parroquia de Sedes, a 7 Kms dende o Parque de Traballo, (3 dos cales son pola AG-64).


Consta dunha lonxitude total de **2,900 Kms**, 2 Kms dende a chegada para regresar á saída e 8,5 Kms para dirixirse ao Parque de Traballo (sendo de novo 3 Kms pola citada autoestrada AG-64), resultando moi cómodo.

Parque de Traballo:

A ubicación das asistencias será a mesma que durante o transcurso da carreira, situadas na Rúa dos Carboeiros, no Polígono Industrial Río do Pozo, en Narón. Os cambios de neumáticos realizaranse no Parque de Traballo. Fora do mesmo, solamente os membros do equipo poderán realizar os cambios cos medios de a bordo. O tallado de neumáticos está autorizado exclusivamente no Parque de Traballo.

Recoñecementos:

Son libres e se poderán realizar tanto no día que cada equipo teña previsto para efectuar os recoñecementos do resto dos treitos como na propia xornada do venres 22 antes de que se realice o peche de estrada.



Dereitos de inscrición: 165 € aceptando a publicidade proposta pola organización.
330 € NON aceptando a publicidade proposta pola organización.

DATA	HORARIO	PROGRAMA	LUGAR
20/06/18	20:00	Peche de Inscricións para o Treito de Probas	ESCUDERÍA SIROCO NARÓN Rúa Río Vespasante, 19 - Baixo D
22/06/18	09:30	Verificacións Administrativas aos inscritos no Treito de Probas	
	10:30	Peche á circulación do Treito de Probas	TREITO DE PROBAS Sedes - Narón 43°33'22" N - 8°08'35" O
	10:45	Verificacións de elementos de Seguridade aos inscritos no T.P.	
	de 11:00 a 13:00	Celebración do Treito de Probas	

Dentro dese horario establecido, os participantes poderán dar o número de pasadas que estimen oportuno. Durante o seu desenrolo está prevista a toma de tempos e non haberá controis horarios. Queda terminantemente prohibido reemplazar a piloto ou copiloto por outra persoa que non figure na lista de inscritos oficial do rallye baixo pena de non estar autorizado a tomar a saída no mesmo.